

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de aprobación definitiva do estudo de detalle do polígono Q28.1, rolda de Outeiro, 38, A Coruña (expediente 631/2022/171).

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria realizada o 6 de xuño de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar definitivamente o documento do estudo de detalle do POL Q28.1 para o reaxuste de aliñacións e rasantes e a ordenación de volumes na rolda de Outeiro, 38, A Coruña (maio de 2024), redactado polos arquitectos Gustavo Díaz García e Lucas Díaz Sierra (colexiados do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) cos números 12.087 e 2.499, respectivamente) e promovido pola Fundación Juana de Vega.

Segundo. Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

Terceiro. Notificarlles este acordo ao promotor e ás áreas municipais interesadas na tramitación do expediente.

O contido íntegro do estudo de detalle aprobado pódese consultar fisicamente nas dependencias da Área Municipal de Urbanismo e de forma dixital na sede electrónica deste concello, na páxina web <https://www.coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe de planeamento/planeamento vixente, ou ben, desde a mesma web, a través do visor de desenvolvemento do planeamento.

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo máximo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-adminis-

CVE-DOG: mcu9c2b2-4dk6-jcz8-pak4-x5fhs1vp0wd7



trativa, sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito.

A Coruña, 3 de xullo de 2024

A alcaldesa
P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño;
BOP núm. 123, do 27 de xuño)
Francisco Dinís Díaz Gallego
Concelleiro delegado responsable da Área de Urbanismo,
Rehabilitación e Vivenda

CVE-DOG: mcu9c2b2-4dk6-jcz8-pak4-x5fhslvp0wd7

